

Referencia:	2025/7773V
Procedemento:	Elaboración, gestión de la convocatoria y concesión de subvenciones
Interesado:	
Representante:	
NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL (7079)	

PROPUESTA DE RESOLUCIÓN

Resolución do concurso concurso para a concesión de subvencións a entidades deportivas e entidades sen ánimo de lucro para a organización de eventos deportivos 2025. Importe: 79.231,00 euros.

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial acordou, na sesión que tivo lugar o 24 de marzo de 2025, aprobar as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades deportivas e entidades sen ánimo de lucro para a organización de eventos deportivos 2025, publicado no BOP n.º 65, de 4 de abril de 2025.

A Comisión de Valoración formulou unha proposta provisional de resolución do concurso, que con data 2 de outubro de 2025, someteuse a trámite de audiencia polo período de dez días hábiles, de conformidade co establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, procedemento administrativo común das administracións públicas e co artigo 7 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación.

Unha vez finalizado o prazo de alegacións á proposta provisional de resolución, reuniuse a comisión de valoración con data 17 de outubro de 2025, para estudo e valoración das alegacións formuladas á proposta provisional de resolución do concurso de referencia, e á formulación dunha proposta definitiva de resolución para a súa elevación á Xunta de Goberno da Deputación Provincial.

Polo exposto, e unha vez concluída a instrución do expediente pola Sección de Subvencións, propónse que a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

1º) Dar conta das alegacións presentadas no trámite de audiencia, sendo estas as seguintes:

- A Asociación Sociocultural Amigos da Romaría da Saínza, para o proxecto *“Móvetes en Rairiz de Veiga: cabalgar e camiñar no agarimo da natureza”*.

Esta solicitude foi excluída, posto que se trata dunha única solicitude para distintas actuacións ao longo do ano, tratándose, polo tanto, dun programa de actividades e non dun evento deportivo, non tendo encaixe neste concurso, de acordo co contido da definición establecida na base primeira das que rexen a convocatoria.

O alegante manifesta que *“...o feito de que se planifiquen varias disciplinas...baixo un mesmo lema non supón a existencia dun programa anual de actividades, senón dun único evento multidisciplinar, o cal incrementa o interese social, fomenta a participación cidadá e favorece a práctica deportiva en distintas modalidades”*.

Con respecto a isto, a base primeira 3, dispón que se consideran eventos deportivos *“aquelas actividades físico-deportivas de carácter **específico e puntual**, que impliquen a práctica de disciplinas deportivas recoñecidas polas federacións deportivas, ou actividades físicas semellantes, ben sexa con carácter competitivo ou con carácter non competitivo, tales como campionatos e torneos, carreiras, andainas ou rutas de sendeirismo e marchas ou rutas cicloturistas, que se desenvolvan maioritariamente na provincia de Ourense.”*

Así mesmo, no seu apartado catro, establece que quedan excluídas desta convocatoria *“aquelas actividades que excedan da duración propia dun evento deportivo puntual, tales como campus deportivos, campamentos de verán, ligas, ou outros que poidan ter a consideración de programas deportivos”*.

Neste caso concreto, as actividades presentadas, desenvólvense ao longo de todo o ano e son de carácter diverso o que supón, sen restarlle importancia ao proxecto, o seu encaixe absoluto na exclusión de evento deportivo arriba indicado ao tratarse dun programa deportivo.

En consecuencia, a Comisión de Valoración, reafírmase e ratifica o formulado na proposta provisional de resolución do concurso de referencia en relación a esta solicitude.

- Asociación de Veciños Barrocás, para o proxecto *“XXXIV Aninovo Barrocás-Memorial Manuel Villar”*.

Esta solicitude foi excluída por presentar a solicitude fora do prazo establecido nas bases da convocatoria.

De xeito sintético, o alegante indica que lle foi imposible presentar pola sede electrónica desta Deputación Provincial a súa solicitude dende os días 28 de abril (data do apagón xeral) ata o 30 de abril, data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, toda vez que lle resulta “pouco entendible” que se esixa a presentación telemática.

Con respecto a esta alegación, indícase o seguinte: o artigo 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en adiante, AAPP), relativo ao dereito e obriga de relacionarse electronicamente coas AAPP, establece que “...en todo caso, estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas AAPP para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, as persoas xurídicas”.

Neste senso, a Asociación de Veciños Barrocás, como persoa xurídica que é, está obrigada a relacionarse electronicamente coas AAPP para calquera trámite dun procedemento administrativo.

Por outra banda e con respecto a imposibilidade de presentar a solicitude de xeito telemático, advírtese que a ampliación de prazo motivado polo apagón ocorrido o 28 de abril de 2025, tería efecto no suposto en que o último día de presentación de solicitudes fose ese día, o 28 de abril; non obstante, a data límite de presentación de solicitudes para este concurso foi o 30 de abril e segundo, a acreditación da Área de Administración Electrónica desta entidade, o servizo funcionaba con total normalidade.

De feito, nas datas indicadas (29 e 30 de abril de 2025), o rexistro xeral electrónico e a sede electrónica provincial funcionaron correctamente e recibíronse escritos en diversos expedientes administrativos, entre as que se atopan varias solicitudes de participación neste procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións a entidades deportivas e entidades sen ánimo de lucro para a organización de eventos deportivos 2025.

Polo tanto, a Comisión de Valoración, reafírmase e ratifica o formulado na proposta provisional de resolución do concurso de referencia en relación a esta solicitude

Así mesmo, no trámite de audiencia, presentou renuncia á subvención proposta, o Club Polideportivo Athlos de Ourense, para o proxecto “*V campamento e torneo de bádminton base Concello de Muiños*”.

En consecuencia, a Comisión de Valoración, procedeu a recalcular as contías propostas aos beneficiarios de subvención, de acordo cos criterios de valoración establecidos nas bases da convocatoria.

En virtude de canto antecede, a **comisión**, por unanimidade, **acorda elevarlle á Xunta de Goberno** da Deputación **proposta definitiva de** resolución do concurso co seguinte contido:

2º) Desestimar íntegramente as alegacións presentadas por pola Asociación Sociocultural Amigos da Romaría da Saínza, para o proxecto “*Móvete en Rairiz de Veiga: cabalgar e camiñar no agarimo da natureza*” e pola Asociación de Veciños Barrocás, para o proxecto “*XXXIV Aninovo Barrocás-Memorial Manuel Villar*”, polos motivos indicados na parte expositiva da presente acta.

3º) Aceptar as renuncias presentadas polas seguintes entidades:

- Escola Atlética de Pereiro de Aguiar Ben Cho-Shey, para o proxecto “*Trofeo Germán González Sánchez Pereiro de Aguiar*”.
- Asociación Baloncesto Xinzo, para os proxectos “*XIII Torneo internacional mini vilas de Ourense*” e “*3X3 Xinzo 2025*”.
- Club Balonmán Cidade das Burgas, para o proxecto “*Manzaneda Handball Cup*”.
- Federación Galega de Piraguismo, para o proxecto “*Campeonato España de Barco Dragón*”.
- Asociación Jockey club Galicia, para os proxectos “*V Gran Premio Astrot*” e “*I Campeonato gallego de conductores de trote enganchado*”.
- Club Polideportivo Athlos de Ourense, para o proxecto “*V campamento e torneo de bádminton base Concello de Muiños*”.

4º) Inadmitir a trámite as seguintes solicitudes, polos motivos que se indican:

Por presentar as solicitudes fora do prazo establecido nas bases da convocatoria:

- Asociación de Veciños Barrocás, para o proxecto “*XXXIV Aninovo Barrocás-Memorial Manuel Villar*”.
- JBL Motorsport, para o proxecto “*IV Rallye Comarca do Carballiño*”

5º) Excluir da valoración as seguintes solicitudes polos motivos que se indican:

- Clásicos Terra de Caldelas, para “*3ª Xuntanza de coches clásicos-Castro Caldelas*”: esta solicitude queda excluída da valoración xa que a actuación a realizar non ten encaixe neste concurso, de acordo co contido da definición establecida na base primeira das que rexen a convocatoria.
- As seguintes solicitudes quedan excluídas da valoración, posto que se trata dunha única solicitude para distintas actuacións ao longo do ano, tratándose, polo tanto, dun programa de actividades e non dun evento deportivo, non tendo encaixe neste concurso, de acordo co contido da definición establecida na base primeira das que rexen a convocatoria:
 - Club Baloncesto Allariz: “*Allariz ponte en forma*”.
 - Asociación Socio-Cultural amigos da Romaría da Sainza: “*Móvete en Rairiz de Veiga: cabalgar e camiñar no agarimo da natureza*”.
- Club Deportivo Internacional Ribeira Sacra: “*I Torneo Internacional Ribeira Sacra*”: esta solicitude queda excluída da valoración por non terse celebrado a actividade.
- Vespa Club Verín: “*XII Concentración de vespas y lambretas villa de Verín*”: esta solicitude queda excluída da valoración posto que, segundo os datos económicos aportados no ANEXO VI, relativo á ficha de avaliación de ingresos e gastos, xa cobren o custo total da actividade con autofinanciamento (artigo 17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

6º) Conceder, conforme á valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, ás seguintes entidades:

Fundación Cipri Gomes	Galicia Internacional Cup	4.494 €
-----------------------	---------------------------	---------

Moto Club A Peroxa	Campeonato de España de Hard Enduro de A Peroxa	4.418 €
Club Deportivo Open	OHF 2024 18º Torneo Internacional Veterans	3.857 €
Club Natación Pabellón Ourense	53 Edición Trofeo Internacional Pedro Escudero	1.770 €
Federación Galega de Hockey	Torneo de Naciones Hockey Sala Masculino	3.746 €
Club Ximnasia Pavillón Ourense	XVII Torneo Primavera cidade de Ourense-Ximnasia Rítmica	1.250 €
Club Peña Trevinca Barco	XIX Andaina Outono O Barco de Valdeorras	2.000 €
Federación Galega de Karate	Xornada 3 de liga galega de Kárate-Xinzo de Limia 07/06/2025	3.350 €
Federación Galega de Balonmán	Torneo Provincial Termal Minibalonmán	2.356 €
Clube de Montaña Ribeira Sacra	XVIII Carreira por montaña "Canon do Sil" A Decana	1.600 €
Club Ximnasia Escola Pavillón	XIV Torneo Nadal-IV Memorial Marosa Salgado Madriñán	1.470 €
Asociación Xádréz Ourensán Universitario	XI Torneo Internacional de Xádréz campus de Ourense	1.208 €
Guillelme Brown SCL	XXVIII Cross Guillelme Brown	795 €
AEHDE Carballiño	V Trofeo Terras do Orcellón de grupos show de patinaxe artística	1.800 €
Club Adas del Barco de Valdeorras	XII Carreira popular 5Km dos Santiños	500 €
Club Adas del Barco de Valdeorras	XIV Carreira e andaina do nadal de A Rua	450 €
Ourensticks Hockey club	Campeonato de España fase de ascenso DHB Senior Femenino	2.186 €
Atletismo Arenteiro	XLI Edición Carrera Popular de Leiro	1.500 €
Castro Trail Team	Castro Trail 2025	2.126 €

Club Deportivo Xadrez Ourense	XVIII Copa Galicia individual de Xadrez "III Memorial Emilio Rodríguez" 2025	1.680 €
Roller Ourense	XII Edición Ourense patina	2.037 €
Escolas deportivas Nogueira de Ramuín	VII Trofeo Kickboxing Ribeira Sacra	2.035 €
Federación Galega de Hockey	Stage selecciónn española y gallega SUB18 Femenino	2.030 €
AEHDE Carballiño	VII Trofeo vila do Carballiño de patinaxe na modalidade de libre	1.994 €
Escolas deportivas Concello de Maceda - Clube Deportivo	VIII Torneo F8 de Maceda-Memorial Miguel Seara	1.000 €
Federación Galega de Kickboxing 2025	Campionato Galego Kickboxing 2025	1.302 €
Roller Ourense	Campamento España Skate Cross, Campeonato de España Pump Truck y Open	1.463 €
Club Polideportivo Athlos de Orense	V Campamento e Torneo de Badminton base Concello de Muiños	1.447 €
Club Nautico Castrelo de Miño	XXVII Carreira San Silvestre de Castrelo de Miño	700 €
Maese Riders Team C.C	Campionato de Galicia de Pumptrack Maese Ourense	1.416 €
Club Our-o	3ª Prueba de la liga gallega de orientación a pie	564 €
Federación Ourensana de Halterofilia	I Xornada Liga Galega de Clubes	1.380 €
Federación Galega de Balonmán	Torneo Provincia Termal de Balonmán Base	1.377 €
Escuela Deportiva Artai	Campionato Galego oficial de Kungfu moderno 2025	1.375 €
Kickboxing Club Xinzo	Trofeo cidade de Antioquia	1.327 €
Escuela de Kickboxing Cipri Gomes	XXII Trofeo Internacional cidade de Ourense	1.038 €

Clube de Montaña Ribeira Sacra	XVIII Andaina da Castaña e Cativos	900 €
Club Deportivo Purísima	1ª Xornada Trofeo Club Deportivo la Purísima	1.098 €
Special Olympics Galicia	Marcha ciclista unificada, provincia de Ourense 2025	496 €
Meigas Rodas	Copa Rollercross "Vila Termal"	621 €
Club Deportivo Ecuestre de Ourense	Equilates Limicorum	1.196 €
Club Deportivo Ecuestre de Ourense	Trail de Entroidos 2025	1.180 €
Club de Tiro Eiroás	Trofeo San Sebastián 2025	956 €
Federación Galega de Boxeo	Velada de Boxeo adaptado	1.155 €
Club Deportivo Ourela	II Fase categoria amateur Ourense e Pontevedra	360 €
Ourensticks Hockey club	Campamento de España de Hockey sala juvenil femenino	995 €
Asociación Deportiva A Goberna de Beariz	I Copa A Goberna Compak Sporting	976 €
Asociación Deportiva A Goberna de Beariz	I Copa A Goberna RR.CC (Plato)	976 €
Meigas Rodas	Copa Federación de Roller Cross	555 €
Club Deportivo Padelbit - BE ONE	Torneo Express padelvit	926 €
Club Balonmán cidade das Burgas	Torneo solidario de nadal	639 €
Ribeiro do Avia Fútbol Club	Torneo Festas do Portal	500 €
Ximnasio Estudio A Valenzá	Campionato galego de Nihon Tai-Jitsu	391 €
Asociación Xuvenil Amencer	Xornada de xogos populares deportivos	270 €

7º) Ampliar o prazo xeral de xustificación das subvencións concedidas e establecido nas bases da convocatoria, debido á dilación na instrución do presente concurso, ata o día **30 de novembro de 2025**.

8º) Proceder á publicación do pertinente acordo no BOP e na sede electrónica da Deputación de Ourense, para coñecemento e efectos oportunos.